

Declaración de interese para MODIFICACIÓNS de títulos de GRAO que se implanten no curso 2022/2023

Normativa reguladora máis relevante: [RD 1393/2007](#) polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo [RD 861/2010](#); [Decreto 222/2011](#) polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia modificado polo [Decreto 161/2015](#), [Orde do 20 de marzo de 2012](#) pola que se desenvolve o Decreto 222/2011 e Acordo do Consello de Goberno do 22 de xaneiro de 2020.

Denominación do título de GRAO	Grao en Enxeñería Mecánica
Centro de impartición na UVIGO	Escola Enxeñería Industrial (EEI) Centro Universitario de la Defensa na Escola Naval Militar (CUD-ENM)
Data da xunta de centro na que se aproba a proposta de modificación	EEI: Pendente de aprobación CUD-ENM: 05/03/2021
Persoa de contacto no CUD-ENM:	Nome: Belén Barragáns Martínez
	E-mail: belen@ cud.uvigo.es
	Teléfono: 986 804903
É a proposta de modificación dun título de GRAO ligado a competencias profesionais reguladas?	<input type="checkbox"/> Non
	<input checked="" type="checkbox"/> Si, indicar profesión regulada: Enxeñeiro Técnico Industrial
As modificacións propostas derivan directamente do informe de acreditación?	<input checked="" type="checkbox"/> Non
	<input type="checkbox"/> Si, indicar cales:
Proponse o cambio na denominación do título? (*)	<input checked="" type="checkbox"/> Non
	<input type="checkbox"/> Si
Proponse o cambio no nivel do título? (*)	<input checked="" type="checkbox"/> Non
	<input type="checkbox"/> Si
Proponse o cambio da rama de coñecemento de adscripción do título? (*)	<input checked="" type="checkbox"/> Non
	<input type="checkbox"/> Si
Proponse o cambio dos criterios de habilitación profesional? (*)	<input checked="" type="checkbox"/> Non
	<input type="checkbox"/> Si
Propóñense cambios significativos nas competencias do título? (*)	<input checked="" type="checkbox"/> Non
	<input type="checkbox"/> Si
Resumo do alcance das modificacións propostas:	<p>Esta proposta é xerada no CUD-ENM e afecta exclusivamente á distribución temporal de materias segundo o plan de estudos do CUD-ENM.</p> <p>Esta proposta de modificación do grao en enxeñería mecánica ten como finalidade unha pequena reorganización de materias do plan de estudos para alcanzar os seguintes obxectivos (sinalados en negrita):</p> <ul style="list-style-type: none"> • Reorganización da distribución temporal das materias dos módulos de formación básica (FB) e materias comúns á rama industrial (CRI) coa finalidade de: <ul style="list-style-type: none"> ○ Atender ás demandas de profesorado e alumnado (recibidas a través dos procesos de calidade e seguimento do título) en relación á secuenciación dalgunhas materias así como ○ Obter un primeiro cuadrimestre de primeiro curso que facilite a adaptación progresiva do alumnado de novo ingreso ás ensinanzas universitarias así coma ó réxime de vida na Escola Naval Militar.

	<p>Esta nova distribución temporal permitiría ó alumnado estar en disposición de cursar con maior aproveitamento as materias de primeiro e segundo curso, esperándose unha mellora nas taxas de rendemento das mesmas e unha diminución no número de alumnos que progresa con materias pendentes en devanditos cursos.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Reorganización da distribución temporal das materias dos módulos de tecnoloxía específica mecánica (TEM) e de intensificación en tecnoloxías navais (ITN) para conseguir un cuadrimestre especificamente deseñado para facilitar a mobilidade de alumnado e o intercambio con Academias Navais extranxeiras. Para elo é desexable concentrar nun cuadrimestre (primeiro cuadrimestre de quinto curso) materias do módulo ITN, máis susceptibles de seren impartidas en calquera Academia Naval que as materias de TEM, estando estas últimas ademais asociadas ás competencias profesionais definidas pola Orden CIN/351/2009, de 9 de febreiro, pola que se establecen os requerimentos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Técnico Industrial. Deste xeito, plantexaríase o intercambio unha vez garantida a adquisición das competencias habilitantes. <p>Con isto se mellorarían as condicións baixo as que os alumnos levan a cabo actualmente o intercambio con Academias extranxeiras, permitindo o recoñecemento na institución de orixe de tódalas actividades desenvolvidas na institución de acollida. Como consecuencia, poderíase aumentar o número de mobilidades anuais, sendo conscientes de tódolos beneficios destes intercambios tanto para a institución como para os alumnos seleccionados.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Satisfacer, na medida do posible, as recomendacións e compromisos recollidos nos planes de mellora consecuencia dos últimos procesos de acreditación superados pola titulación.
--	--

- (*) De acordo co *Procedemento para a solicitude de modificacións nos títulos verificados de grao e máster* da ACSUG, estes cambios na memoria levan á REVERIFICACIÓN do título e non á súa modificación.
- A data límite para enviar a declaración de interese sobre modificacións de títulos de GRAO que se pretendan implantar no 2022/2023 é o **12 de marzo de 2021**.
- Enviar a verifica.grao@uvigo.es